

Roberto
Ignacio
Fernández
López

Bolseiro
MEC

A colaboración entre Administracións públicas. Análise dun modelo aplicable en materia tributaria

1. Introducción

A múltiple e complexa realidade que supón a coexistencia de distintas administracións públicas sobre un mesmo espazo subxectivo e xeográfico, esixe un achegamento eficaz dos servizos administrativos ós cidadáns. Este obxectivo reclama, á súa vez, unha fluída relación entre as administracións implicadas, e un marco xurídico de actuación común a todas elas que sexa capaz de ofrecerlles ós particulares a seguridade de que todas actúan con criterios homoxéneos.

Neste sentido, a Administración pública do noso tempo, debe estar informada e articulada por dous principios da organización que na actualidade resultan fundamentais, que son o de coordinación e o de cooperación. O

primeiro deles foi elevado ó rango de principio constitucional rector da actividade administrativa (art. 103.1 Const.); en efecto, as relacións administrativas de colaboración perseguen, ou deben perseguir, indubidablemente, unha finalidade coordinadora, o cal fai prever que o futuro do Dereito da organización administrativa está, en boa parte, na Administración compartida. Pola súa parte, a cooperación constitúe un deber xenérico (arts. 3.2 e 4.1d da Lei 30 / 1992), a esencia do modelo de organización territorial do Estado autonómico; configúrase así como un deber recíproco de apoio e mutua lealdade que ten que presidi-lo exercicio das competencias compartidas ou das que se exercen sobre un mesmo espazo físico.

Por iso, é necesario aproveitar ó máximo todo o potencial de posibilidades colaboradoras que a lei ofrece, pois, como sinala o TS na Sentencia do 2 de xaneiro de 1987, "é o propio ordenamento xurídico o que permite e incluso propicia a colaboración entre as diversas administracións públicas". A colaboración eríxese, deste xeito, en condición inescusable para articula-lo ordenado desenvolvemento da actividade administrativa, actividade que, á vez, debe cumprir criterios de eficacia sen menoscabo das competencias alleas.

2. Diferentes formas de colaboración: análise dalgúns exemplos

— No presente estudio, non pretendemos aborda-la análise de toda a posible gamma de relacións que poidan orixinarse entre as compoñentes da organización administrativa. En efecto, como é ben sabido, naquelas existen dous grupos ou categorías perfectamente diferenciadas: as relacións interorgánicas e as relacións interadministrativas ou intersubxectivas¹. *A contrario sensu* que as primeiras, estas últimas danse entre suxeitos con personalidade xurídica, e serán as que constitúan o obxecto do noso traballo.

As relacións interadministrativas de colaboración revisten, ó noso entender, dúas manifestacións funda-

¹ RIVERO YSERN, "Las relaciones interadministrativas" na *Revista de Administración Pública*, núm. 80, ano 1976, pp. 40 e ss.

mentais: relacións nas que a colaboración se realiza entre dous ou máis entes públicos sen que para levala a cabo sexa necesaria a creación dun novo ente dotado de personalidade xurídica, e relacións nas que se precisa crear esa nova entidade.

Un dos exemplos máis ilustrativos das primeiras² constitúeno os convenios interadministrativos, categoría que na Lei 30/1992, recibe un tratamento específico ó distinguirse entre convenios de colaboración (art. 6), e convenios de conferencia sectorial (art. 5). Dado que estes últimos serán obxecto de análise nun apartado posterior deste comentario, aludiremos, aínda que sexa brevemente, ós convenios de colaboración.

Cuestión prioritaria para resolver é a de determinar quen é suxeito lexitimado para celebra-los ditos convenios; do disposto no artigo 6 despréndese que serán formalizados con carácter bipartito entre o Goberno da nación e os órganos de Goberno das comunidades autónomas. Polo demais, a lei delimita con afán orientador, tal e como o deixa entreve-la expresión "cando así proceda", o posible contido dos convenios, dentro do cal merece salientarse a sucinta referencia ó "financiamento" (art. 6.2.c). Resulta meritoria a decisión do lexislador de incluír esta alusión, por canto supón asegurar, na maioría dos casos, a viabilidade material e temporal dos acordos subscritos entre as distintas administracións, ó estar estas comprometidas, unha vez executados os convenios, a xustifica-los recursos empregados na realización das obrigacións do acordo. A norma legal tamén é previsorá á hora de referirse ó "órgano mixto de vixilancia e control", susceptible de desempeñar dúas importantes tarefas: esclarece-las dúbidas interpretativas que poñan xera-las cláusulas escuras do convenio e garanti-lo cumprimento do mesmo.

Aínda que o texto legal se refira tan só ós convenios entre a Administración do Estado e as comunidades autónomas³, nada impide a entrada no escenario negociador da Administración institucional, xa que unha das súas categorías, os organismos autónomos, son entidades de Dereito público creadas por lei, con personalidade xurídica e patrimonio propios, independentes das do seu ente matriz, e, polo tanto, con plena capacidade de obrar tanto na esfera do Dereito público coma no terreo do De-

² RIVERO YSERN, op. cit., p. 48, inclúe xunto ós convenios interadministrativos, os contratos administrativos e os compromisos de auxilios.

³ Téñase en conta a omisión da lei a todo tipo de referencia expresa sobre convenios entre comunidades autónomas. Segundo o art. 145.2 da Const., de celebrarse, só poderían versar "sobre a xestión e a prestación dos servicios propios das mesmas". Sobre o tema, fundamentalmente, RUIZ ROBLEDO en *Estudios sobre el estado de las autonomías*, Tecnos, Madrid 1991, pp. 73 a 78; cfr. tamén MENENDEZ REXACH, *Los convenios entre comunidades autónomas*, IEAL, Madrid 1982, pp. 61 e ss. A opinión sobre a falta de valor normativo deste tipo de convenios expresouna, entre outros, SANTOLAYA MACHETTI, *Descentralización y cooperación*, IEAL, Madrid 1984, pp. 393 e ss.

reito privado. Tampouco se pode perder de vista o potencial papel a desempeñar nesta materia polos entes locais (ós cales se lles aplicará a Lei 30/1992 como supletoria da súa lexislación básica), pois como sinalou o Tribunal Constitucional na Sentencia do 2 de febreiro de 1981, reiterado pola do 27 de febreiro de 1987, os entes locais deben actuar nun plano de igualdade coas outras persoas xurídico-públicas no ámbito das relacións xurídico-administrativas, "por canto os controles xenéricos indeterminados que sitúan os entes locais nunha posición de subordinación ou dependencia case xerárquica respecto da Administración estatal ou autonómica, son reprochables".

Como xa sinalamos, outro dos xeitos de instrumenta-la colaboración entre as administracións públicas, consiste na creación dun ente dotado de personalidade xurídica a través do cal se leve a cabo a satisfacción dos intereses colectivos⁴. O feito de que a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, lle dedique no seu título primeiro un precepto, xustifica por si só que neste apartado nos centremos de maneira preeminente en esbozar un pequeno comentario sobre a figura consorcial. A institución do consorcio foi obxecto de importantes estudos na nosa doutrina⁵, sen embargo, nunca foi utilizado con tanta frecuencia na praxe das relacións interadministrativas como é na actualidade; isto é debido a que, como afirma Martín Mateo, responde bastante ben ó funcionamento esperado e demandado polos cidadáns da Administración pública.

Sobre a natureza xurídica dos consorcios non existen dúbidas: a lei está pensando nunha conxunción de vontades que dea lugar á creación dunha persoa xurídica de Dereito público, destinada a desenvolver convenios entre o Estado e as comunidades autónomas (art. 7.1.).

Maiores problemas pode ofrece-la determinación do réxime xurídico aplicable ós consorcios locais⁶, é dicir, aqueles que asocian libremente entidades públicas de diferente orde para instalar ou xestionar servicios de interese local. En efecto, segundo o art. 7.4. da lei estatal para a xestión dos servicios encomendados ós consorcios, poderán empregarse calquera das formas previstas na lexislación aplicable ás administracións consorciadas, pre-

⁴ RIVERO YSERN, op. cit., p. 48. Dentro desta categoría inclúe, ademais dos consorcios, as mancomunidades voluntarias de municipios.

⁵ Cfr. MARTÍNEZ LÓPEZ-MUÑÍZ, *Los consorcios en el Derecho español*, Madrid 1974, p. 338.

Cfr. tamén MARTÍN MATEO, *Entes locales complejos*, Trivium, Madrid 1987, pp. 109 e ss.

⁶ Sobre este tema: SOSA WAGNER, *La gestión de los servicios locales*, Civitas, Madrid 1992, pp. 173 e 174.

Cfr. tamén GARCÍA DE ENTERRIA e FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ,

Curso de Derecho administrativo, vol. I, Civitas, Madrid 1989, p. 1102.

cepto este que non deixa de suscitar interrogantes en canto á elección do dereito aplicable, estatal ou autonómico. Significativamente dise noutro precepto que as relacións entre as administracións estatal e autonómica coas entidades locais “se rexerán pola lexislación básica en materia de réxime local” (art. 9), que lles será de indubidable aplicación ós consorcios locais participado polo Estado ou polas comunidades autónomas. Da interpretación conxunta de ámbolos dous preceptos cabe extraer unha conclusión: a presenza do Estado ou das comunidades autónomas nun consorcio no que participen tamén entes locais, non é por si mesma definitiva do seu réxime xurídico; haberá que acudir ó disposto nos estatutos e, en caso de silencio destes, ó control establecido en canto ó funcionamento dos seus órganos rectores, ós fins que prevalecen do consorcio (art. 7.2 da Lei 30/1992).

3. Novidades mais significativas introducidas polo Lei 30/1992

Tras catorce anos de desenvolvemento do novo modelo de organización territorial do Estado, creado pola Constitución de 1978, o lexislador de 1992 estimou oportuno relanza-los principios de coordinación e cooperación; a realidade dos nosos días demostra que o crecemento desproporcionado das administracións públicas en medios materiais e recursos humanos, de pouco serve, se non se acompaña dunha homologación nos modelos de actuación daquelas, buscando para isto mecanismos dispostos a facer efectivos os principios anteriores. Entre os ditos mecanismos o lexislador quixo potencia-la utilización dos convenios de conferencia sectorial, ó tempo que pretende aumenta-la comodidade dos cidadáns nas súas relacións coa Administración apoiando a creación dunha rede informatizada de rexistros administrativos.

1. Os convenios de conferencia sectorial

A introducción desta figura na Lei 30/1992, é preciso interpretala á luz dos principios supremos de defensa da indisoluble unidade da nación española (art. 2 da Const.),

igualdade de tódolos españois en dereitos e obrigacións (art. 139.1) e, preservación do interese xeral de España (art. 155.1); o seu fundamento está en unir puntos de vista entre as distintas administracións á hora de abordar os problemas que afecten a cada sector económico ou social do país, e é por iso que este tipo de convenios están chamados a desempeñar unha tarefa decisiva na consolidación do Estado autonómico. Como postulou o Tribunal Constitucional na Sentencia do 4 de abril de 1982, “unha axeitada colaboración entre a Administración do Estado e a da Comunidade Autónoma que axude a buscar solucións equitativas, é necesaria para o bo funcionamento dun estado das autonomías, mesmo á marxe da distribución constitucional e estatutaria das competencias respectivas”.

Para delimitar con precisión o contorno dos convenios de conferencia sectorial (art. 5 da Lei 30/1992), nada mellor que deslinda-las súas diferencias con respecto ós convenios de colaboración (art. 6):

a) En ámbolos casos, os suxeitos lexitimados para celebra-lo convenio atópanse no Goberno da nación e nos órganos de Goberno das comunidades autónomas; sen embargo, mentres que os convenios de colaboración se formalizan con carácter bilateral, os de conferencia sectorial, como o seu nome indica, intentan convocar con carácter multilateral ou pluripartito os representantes de tódalas comunidades autónomas xunto cos representantes da Administración central.

b) Consecuencia lóxica do anterior, é que o ámbito territorial de aplicación dos convenios de conferencia sectorial, tende a ser moito maior que o acoutado para os convenios de colaboración.

c) Os convenios de colaboración tenden a incidir en aspectos xerais susceptibles de concreción nos distintos sectores da actividade administrativa; nese sentido, o seu obxectivo encádrase na necesidade de auxilio e colaboración entre as administracións públicas, para executar aqueles actos que teñan que realizarse fóra dos seus respectivos ámbitos de competencia (art. 4.4). Polo contrario, o fin primordial dos convenios de conferencia sectorial, estriba en propiciar un acordo multilateral para accións sectoriais, examinando en común os problemas de cada sector e as medidas proxectadas para afrontalos

ou resolvelos, todo isto, sen substituír ou anula-las facultades decisorias propias de cada Administración interveniente.

Polo demais a lei que estamos a comentar establece no seu artigo 8 unha serie de notas comúns a ámbolos tipos de convenios, das cales podemos salientar dúas: por unha banda, a ambigua alusión a que sexan comunicados ó Senado, pois resulta manifesta a indeterminación legal do papel que a "Cámara de representación territorial" pode desempeñar nesta materia e, por outra banda, a necesidade de publicidade dos convenios no BOE e no Diario Oficial da Comunidade Autónoma respectiva, sen prexuízo de que a súa entrada en vigor sexa anterior, isto é, no momento da súa firma, cos posibles inconvenientes que iso lles pode ocasionar ós terceiros directamente afectados polo contido do convenio.

2. A coordinación de rexistros

Aparentemente o art. 38.4 da Lei 30/1992, recolle o xa disposto no derogado art. 66 da LPA a propósito do lugar de presentación das instancias e demais escritos dirixidos á Administración, relacionados co procedemento administrativo. Sen embargo, a transcendencia do novo precepto é moito maior, ó intoduci-la posibilidade de que aqueles poidan ser presentados "nos rexistros de calquera órgano administrativo, que pertenza á Administración xeral do Estado, á de calquera Administración das comunidades autónomas, ou á dalgunha das entidades que integran a Administración local se, neste último caso, se subscribise o oportuno convenio" (art. 30.4.6).

¿A que tipo de convenios dos comentados nos apartados anteriores se está a referi-lo lexislador? A resposta proporciánanola o inciso final: ós convenios de colaboración. Subscrito un acordo deste tipo, os cidadáns poderán dirixirse a calquera rexistro administrativo das administracións parte do convenio, con obxecto de veren satisfeitos os seus lexítimos intereses para a presentación de solicitudes ou instancias de calquera clase. Desta maneira, dáse un paso transcendental no achegamento da Administración ós cidadáns, máxime se unha delas é a Administración local, pola relativa proximidade que nos ditos niveis se dá entre a administración e os administrados.

Non obstante, a desexable coordinación dos rexistros administrativos dificilmente podería acadarse sen o emprego da informática⁷. Neste sentido, as administracións involucradas no convenio deberán establecer "sistemas de intercomunicación e coordinación de rexistros que garantan a súa compatibilidade informática e a transmisión telemática dos seus asentos" (art. 38.4^o inciso final).

De facerse efectivo o teor literal do precepto anterior, a informatización, como soporte e tecido nervioso das relacións sociais e económicas da nosa época, xeraría de forma automática, cando menos, as seguintes vantaxes:

- a) Manexo simultáneo dun volume superior de datos informativos.
- b) Maior seguridade en canto ós contidos da información subministrada polos cidadáns.
- c) Maior e máis rápido sistema de comunicación entre as administracións públicas afectadas.

En definitiva, hoxe pódese afirmar sen lugar a dúbidas, que as técnicas burocráticas formalistas, supostamente garantistas, xa caducaron. Nos momentos actuais, só resta esperar que o extraordinario avance experimentado nas nosas administracións públicas no tecnificado dos seus medios operativos⁸, non se limite exclusivamente ó funcionamento interno de cada unha delas, senón que saiba vertebrarse con tenacidade e eficiencia na súa actividade de comunicación e cooperación coas outras administracións, a prol de mellora-la súa actividade de relación cos cidadáns.

4. Estudio particular da colaboración en materia tributaria

1. Mecanismos de intercambio de información versus mecanismos de integración

As vantaxes de establecer mecanismos de colaboración entre as distintas administracións tributarias, lonxe

⁷ Cfr. MAP, *La Administración al servicio del público*, Madrid 1988, p. 47.

⁸ Cfr. MAP, *op. cit.*, pp. 178-180.

de limita-lo grao de autonomía das facendas participantes, especialmente nas de menor tamaño, veñen a potencialo ó permitirlles tomar decisións que, de non dispoñer da capacidade administrativa suficiente, non poderían adoptar.

Partindo de que cada facenda dispón da súa propia administración tributaria, como sucede no noso país, as formas de colaboración poden ser múltiples. Non obstante, podemos identificar dúas fórmulas básicas.

1) Intercambio de información, mantendo as administracións separadas.

2) Utilización de servicios comúns, o que supón internarse nun proceso de integración máis ou menos complexo.

Mecanismos de intercambio de información

Baixo esta rúbrica queremos englobar calquera fórmula que supoña o acceso de tódalas facendas ós bancos de información das demais, obrigando a cada unha destas a poñer en coñecemento de calquera outra a información de que dispoña en canto poida ser de interese para esta última.

Un sistema destas características ben deseñado permite, polo menos, evita-los problemas de control que suscita a natural mobilidade dos contribuíntes entre as distintas xurisdiccións, e, en definitiva, as discrepancias entre os lugares onde se produce a renda, está situado o patrimonio ou, en xeral, se realizan os feitos impositivos e aqueles outros onde teñen a residencia os contribuíntes.

Idealmente, de acadarse o dito obxectivo, pódese afirmar que ningunha administración tributaria ignoraría feitos relevantes por se teren producido fóra da súa xurisdicción territorial.

Desde o punto de vista legal, a articulación desta primeira técnica podería sosterse na declaración contida no art. 4.1c) da Lei 30/1992 segundo o cal "as administracións públicas, no desenvolvemento da súa actividade e nas súas relacións recíprocas, deberán: facilitarlles ás outras administracións a información que precisen sobre a actividade que desenvolven no exercicio das súas propias competencias".

O inconveniente fundamental que adoita suscitar este tipo de mecanismo de colaboración, é que esixe traballo e custos nunha administración, que non redundan directamente na súa recadación. Polo tanto, para avanzar desde este esquema de cooperación, teremos que internarnos en mecanismos que supoñan compartir ou empregar en común os procedementos administrativos.

Mecanismos de integración

Desde esta perspectiva os procesos de xestión tributaria das distintas administracións poderían integrarse sobre a base de dúas grandes columnas que son: a correcta identificación dos suxeitos pasivos e a exacta cuantificación dos rendementos ou magnitudes que permiten definir as bases sobre as que opera calquera imposto. Producido o feito imponible (a súa constancia pódese acreditar ben a través de declaracións tributarias, ben pola vía das actuacións inspectoras) e nacida a obriga tributaria, xeráranse uns créditos contra os suxeitos pasivos (liquidación) do cobro dos cales debe responsabilizarse unha unidade funcional específica (recadación). Ademais deste esquema existe, finalmente, unha área de conflitos onde os suxeitos pasivos e a Administración solucionan as súas discrepancias (vía económico-administrativa, e de se-lo caso, contencioso-administrativa).

Tendo en conta os suxeitos e as magnitudes para determinar, a colaboración entre as distintas administracións tributarias pode producirse en calquera dos núcleos procedementais indicados e, por suposto, en todos eles, solución que permitiría aproveitar as potenciais economías de escala abaratando e facendo máis eficaz a administración tributaria.

Agora ben, calquera esquema de integración, mesmo os parciais, van suscitar dúas clases de problemas:

a) Distribución de custos entre as facendas que decidiron colaborar.

b) Dirección ou mando na administración común.

En canto ó primeiro punto, trátase, basicamente, dunha cuestión técnico-contable, no sentido de que se pode solucionar con criterios desta natureza. O segundo, pola contra, resultará máis complexo mais, en todo o caso, pa-

rece sensato que o dito poder o compartan as distintas facendas que colaboren na xestión.

No contexto xurídico, a técnica da integración faríase posible a través da creación de órganos colexiados compostos por representacións das distintas administracións tributarias, hipótese polo demais contemplada no art. 22.2 da Lei 30/1992, o cal mesmo prevé que os ditos órganos non precisan, en todo o caso, participar na estrutura xerárquica da Administración pública na que se integren.

2. A Administración tributaria integrada

Do exposto nas liñas precedentes despréndese que sería oportuno institucionalizar unha administración tributaria profesionalizada ó servicio das distintas facendas.

Esta administración podería responsabilizarse de “administrar” os tributos de tódalas facendas a cambio dun prezo, constituíndo unha organización, á súa vez, independente de calquera das facendas das cales xestiona os tributos.

A administración tributaria integrada estaría caracterizada, en definitiva, polas seguintes notas básicas:⁹

- 1) Órgano independente dos gobernos das facendas administradas, aínda que poida existir unha representación de cada unha delas sen poderes executivos.
- 2) Órgano profesionalizado que opera neste ámbito cumprimentando as decisións políticas dos gobernos dos cales administra as facendas.
- 3) Órgano que actúa con criterios empresariais, cobra os seus servicios, controla os seus custos e ofrece unha conta de resultados.
- 4) Órgano sometido ó control parlamentario de forma específica dadas as súas anteriores características¹⁰.

⁹ CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA - XUNTA DE GALICIA: *Autonomía financeira y fondos de nivelación*, Santiago de Compostela 1992, pp. 116 e ss.

¹⁰ Cfr. MAP, op. cit., pp. 95 e ss.

3. A Axencia tributaria ¿base dunha posible Administración tributaria integrada?

A Axencia Estatal de Administración Tributaria creada no art. 103 da Lei 31/1990 do 27 de decembro, posteriormente modificado pola Lei 18/1991 do 6 de xuño,

do Imposto sobre a Renda, pode constituí-lo soporte dunha administración tributaria integrada no sentido que acabamos de referir (11). Segundo o art. 103.1.2 da Lei 31/1990, de nova redacción pola disp. adc. 17 da Lei 18/1991: “A Axencia Estatal de Administración Tributaria é a organización responsable, en nome e por conta do Estado, da aplicación efectiva do sistema tributario estatal e do aduaneiro, e **daqueles recursos das outras administracións e entes públicos nacionais ou das comunidades europeas das cales se lle encomende a xestión por lei ou por convenio**”.

Non se trata de que a administración tributaria da facenda central pase a administra-los tributos das comunidades autónomas, senón de que facenda central e facendas autonómicas sexan administradas por unha mesma organización, na que ámbalas facendas teñan presenza e poidan adopta-las decisións políticas pertinentes. Establecer, ó noso xuízo, mecanismos de colaboración, ten que parecerse máis a un proceso de fusión empresarial coa creación dunha nova entidade que a un contrato de arrendamento de servizos.

O engarzamento das comunidades autónomas na axencia precisaría, polo menos, dúas puntualizacións:

a) Delimitar con claridade o órgano político (onde deberían ter entrada as CCAA), dos niveis profesionais autónomos.

b) Descentraliza-la axencia, implicando ás CCAA nos seus respectivos niveis rexionais. Este obxectivo alcanzaríase configurando, a nivel central, un consello formado polos representantes políticos das facendas administradas, (normalmente polo secretario do Estado de Facenda e polos conselleiros das comunidades autónomas integradas, sobre a base do disposto no art. 5 da Lei 30/1992, a propósito das conferencias sectoriais). Este consello “faría as encargas”, podendo vetar ó director, mais sen responsabilidades executivas na axencia, as cales corresponderían a este último que sería así o máximo responsable da mesma.

A nivel rexional o consello tería igualmente un representante (que podería se-lo conselleiro de Facenda da Comunidade Autónoma correspondente), e a axencia tería o seu director rexional dependente do director da axencia.


¹¹ Cfr. MAP, op. cit., pp. 116 a 119.

O engarzamento anterior aconsella, non obstante, un simultáneo proceso de integración das administracións tributarias implicadas, a través de dúas etapas:

1) As CCAA continúan sendo titulares dos medios e do persoal “proporcionado”, cubrindo directamente os seus custos, é dicir, mantendo o pago de gastos e retribucións como ata ese momento.

2) Consolidada a integración, tódolos medios materiais e persoais pasarían a ser responsabilidade da axencia e esta comezaría a cobrar das CCAA, o prezo convido polos servicios prestados.

Avanzando por este camiño, non se debería perder nunca de vista a natureza xurídica da axencia, segundo a cal, *ad intra*, é dicir fronte ás administracións tributarias integradas, actuaría con criterios empresariais propios do dereito privado¹², mentres que *ad extra*, é dicir nas súas relacións cos contribuíntes, comportaríase como ente de Dereito público sometida, en todo o caso, ó Dereito administrativo e polo tanto ó control financeiro permanente da intervención xeral da Administración do Estado, debendo o director da axencia te-la consideración de contandante das que se teñan que render ó Tribunal de Contas.

En conclusión, ó noso entender, a necesaria colaboración entre as distintas administracións públicas, en materia tributaria, non resulta unha quimera a conquistar a longo prazo, xa que, coa creación da axencia tributaria é preciso aproveitar tódalas posibilidades coordinadoras que este organismo pode xerar, potencialidades xa amparadas polas interesantes novidades que –sobre as relacións entre administracións– recolle a Lei 30/1992, do 26 de novembro. 

¹² Cfr. MAP, *Reflexiones para la modernización de la Administración del Estado*, Madrid 1990, pp. 43 a 51.